

O novo réxime de uso do Aral será informado a propietarios e abonados do aparcadoiro municipal.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 30 Maio 2015 23:26

A consecuencia da resolución contractual coa antiga empresa Sofranda Gestao de Parques, o Concello de Baiona comeza a tomar medidas como novo xestor do aparcadoiro do Aral. Nese senso convocou a todos os titulares de cesión de prazas e usuarios abonados do aparcadoiro a unha reunión o vindeiro luns 1 de xuño ás 20 horas no salón de Pleno. O motivo, segundo a administración é informaráselles sobre a nova situación do aparcadoiro e réxime de uso ao que se deberán someter a partir de agora.